

Marco Paone entrevista a María do Cebreiro

María do Cebreiro Rábade Villar (Santiago de Compostela, 1976) é escritora e profesora de Teoría da Literatura e Literatura Comparada na Universidade de Santiago de Compostela. É unha das autoras máis apreciadas do panorama literario galego. A súa traxectoria é longa, de feito publicou o seu primeiro libro a finais dos anos 90, *O estadio do espello* (Xerais, 1999). Daquela, saíron do prelo máis de dez libros de poemas, algúns deles en colaboración con outros autores, mesmo gañando varios premios literarios. O seu último libro de poesía *O deserto* (Apiario, 2015) recibiu o Premio da Crítica 2016. Testemuños da súa obra atópanse en diferentes varias escolmas poéticas e en traducións a varios idiomas. Ao mesmo tempo, é antóloga e tradutora (*Tres vidas* de Gertrude Stein, Galaxia, 2006). É autora dunha prolífica produción científica, na que un dos seus campos de análise é propiamente a poesía.

*Ante todo, parabéns polo Premio da Crítica que acabas de recibir polo libro O deserto. Como reaccionaches cando cho comunicaron? Esperabas este recoñecemento por este libro?*

Moitas grazas polos parabéns. Como di un bo amigo, os mellores premios son aqueles aos que non te presentas, e ese é o caso do Premio da Crítica. Quizais por iso foi para min tan feliz e inagardado. Fundamentalmente, diría que calquera recoñecemento do noso traballo esixe ante todo gratitude. O que acontece cos premios, as dinámicas que desatan en quen os recibe e en quen non os recibe, sempre me pareceron moi curiosas. Se mo permites, fareiche unha reflexión sobre a vaidade dos escritores. Creo que non descubro nada novo se a invoco ao falar do noso gremio, por máis que, astutamente, ás veces se oculte baixo o disfraz da modestia. Teño pensado que un certo grao de orgullo é un instrumento necesario para facer o que facemos: se un crese que nada do que escribe ten valor, para que o escribiría? Nun medio no que a competencia adoita ser feroz, cadaquén ten que aprender a portar o seu escudo. Os escritores premiados ás veces refutan publicamente o valor dos premios porque pensan que lles restan capacidade subversiva. Á inversa, quen non os recibe pode minusvaloralos diante dos demais ao tempo que os arela en segredo. Ás veces a literatura é demasiado humana, pero nela hai que tentar facer o mesmo que na vida: saber celebrar o éxito dos outros e tamén o noso propio cando chega, sen darlle máis valor que o que os éxitos teñen e sabendo que a escrita é unha carreira de fondo na que ningunha conquista se dá dunha vez para sempre.

*Nos derradeiros libros nótase un fío temático que guía os teus títulos. “O deserto” é o camiño da inocencia ou é unha súa consecuencia?*

Diría que *Os inocentes* era un título en certa medida irónico, como o subliñaba a derradeira cita de Heidegger na que, ao fío de Hölderlin, o filósofo fala da poesía como a máis inocente das tarefas. E escoitar hoxe a Heidegger afirmar iso non deixa de por medo, aínda que tamén me parecía suxestivo dar a ler esa cita, porque non hai dúbida de que o pensamento de Heidegger sobre a poesía resulta irrenunciable para o pensamento e a literatura contemporáneas. Ao mesmo tempo, había n'*Os inocentes* un rescate serio da inxenuidade (a etimoloxía latina da palabra ten que ver cos que “nacen libres”), que coído moi necesario dun mundo no que semella que para ser listo un debe caer no cinismo. Sempre crin, pola contra, que os máis intelixentes son tamén os máis bos porque comprenden o que é de verdade importante na vida. O que me custa é atopar fíos condutores entre uns libros de poemas e os outros. Nese sentido, non diría que *O deserto* continúe *Os inocentes*, malia a aparente simetría dos títulos, senón que tenta fundar un territorio novo a partir doutro lugar.

*O deserto preséntase como plenitude, a partir da materialidade do propio libro. Os dezaioito poemas que o compoñen, xunto as imaxes que acompañan e ás veces gardan dobradas as súas verbas, parecen un prontuario ou mesmo unha guía á resiliencia. Que opinas desta afirmación?*

En efecto, para min era moi importante a idea do despregamento, que ten un sentido visual, pero tamén conceptual. Comezando polo feito, sen dúbida inusual, de que o libro se distribúe nas librarías envolto nun papel de seda cunha postal pegada a man, como se fose un agasallo. Gústame moito esa idea de risco, que levamos mesmo á recepción do libro: para abrillo hai que rompelo e dalgún xeito hai que confiar en que o que está debaixo será aberto e aceptado case sen condicións. Trátase, logo, dun libro-objeto que é preciso despregar, no que é necesario demorarse, e as imaxes queren suxerir tamén esa guía cara á contemplación, que ti vinculas acertadamente coa posibilidade de recuperarnos das caídas, en sentido real e metafórico. Dado que os poemas se conciben como oracións laicas, dentro do xénero, en certa medida inventado, do libro de horas contemporáneo, parecíame obrigado mostrar esa mesma orientación no deseño gráfico. Aí foi onde contei coa complicitadedas editoras de Apiario e, por suposto, coa imaxinación visual de Xosé Carlos Hidalgo Lomba, co que xa colaborara en proxectos anteriores e que traballa na cooperativa audiovisual NUMAX.

*Todo o poemario é un delicado fresco de bordados interliterarios e interartísticos que aloumiñan a mirada do lector. No poema epónimo afirmas que o deserto non contempla as citas: en que consiste a súa esterilidade?*

Creo que no meu pensamento poético é fundamental o paradoxo, que os poemas avanza a partir de negatividades iniciais logo transcendidas e de contradicións aparentes. E co deserto pasa máis ou menos o mesmo. Ti citas uns versos nos que o deserto semella ser estéril, pero lembro que noutros se afirma que é “unha forma brutal da plenitude”. Imaxino que no fondo as dúas cousas son moi próximas, que é ante o baleiro, ante os espazos en branco, cando as persoas cobramos conciencia da plenitude.

*Neste libro amosas como os acontecementos máis extraordinarios poden ocorrer fronte aos nosos ollos. Mesmo unhas “tesoiras” pódense converter en poética, como eloxio da creación a partir da ruptura. “E con todo, / son útiles”. En que sentido hai que reivindicar a utilidade das cousas e da escrita?*

Conectaría iso que tan acertadamente sinalas cun materialismo moi vivo na miña escrita e, falando das contradicións tan só aparentes, mesmo cunha concepción materialista da espiritualidade. A crítica ten conectado o libro co imaxinario relixioso e sen negar iso (moi evidente, por exemplo, tanto nas imaxes literarias como nas visuais), eu falaría máis ben dun panteísmo sensorial. Desa concepción, case spinozania, de que é na substancia das cousas do mundo, na materialidade das cousas, nas sensacións do corpo, onde late a o que os filósofos teñen chamado Deus, que non é de modo necesario unha categoría relixiosa. Todo isto está moi ben teorizado en Jean-Luc Nancy ou en Giorgio Agamben. Esa idea, que bate no pensamento filosófico contemporáneo, dunha inmanencia sagrada, de concepcións do sagrado non vinculadas ao transcendente, senón á mesma substancia material das cousas.

*Máis alá das razóns biográficas, reparas no corpo como punto de partida, fráxil e forte ao mesmo tempo. Os accidentes poden ser momentos de cambio, de transformacións, sitúan a vida “baixo a súa propia lóxica/ de xogo, de catástrofe”. É por isto que tamén “o amor pide guerreiros”?*

É verdade que este é, en boa medida, un libro sobre o corpo. Resulta moi curioso o xeito no que a miúdo son os accidentes os que nos fan reparar en que temos un corpo. Ou, por dicilo mellor, en que somos un corpo. E a resistencia da vida, a súa teimosía por saír adiante, aprendeume moitas cousas sobre o meu. N' *O deserto* descubrín que non se trataba de escribir con el ou sobre el, senón de escribir nel. Gústame dicir que escribir é unha actividade física, e este libro confirmoumo dun xeito moi nidio. Por outra banda, Fernando Cabo, que foi o meu director de tese e é un dos críticos e comparatistas da literatura para min máis admirados, definiu algunha vez a miña concepción da escrita como “puxilística”. E si, coido que algo diso hai. Que a miña poesía avanza en movementos de loita, aínda que a maior parte das veces esa loita non se dirixa cara a posicións externas, senón cara ás posicións en aparencia xa conquistadas por min mesma. Ese cuestionamento, esa discrepancia comigo mesma, tento poñela en práctica para non caer na autocompracencia, que considero temible para calquera escritor.

*Comezas o libro cunha clara referencia ao Viaggio in Italia de Rossellini e aos seus actores principais, Ingrid Bergman e George Sanders. Agora que estás a punto de volver a Italia para dar un ciclo de conferencias e para presentar “O deserto”, como definirías a Italia actual?*

É moi difícil, e diría que mesmo ousado, falar dun país que non é o teu sen incorrer nos lugares comúns. Si que me gustaría referirme á miña relación de amor coa cultura italiana e co que coñezo dos seus lugares e da súa xente. Con Roma ou con Florencia, por exemplo, experimentei un amor a primeira vista. En canto visitei Roma souben que tería que volver, e esta viaxe darame a oportunidade de facelo, ademais de coñecer cidades ás que aínda non fora como Perugia ou Padova, así que non podo sentirme máisagradecida. Ademais, cando se viaxa por traballo coñécense aspectos dos países que resulta moi difícil percibir cando un fai turismo, así que espero poder contarche moitas máis cousas sobre Italia unha vez estea alí!

*A túa xira italiana coincide co Día das Letras Galegas. Que valor ten hoxe en día? Reputas que habería que cambiar algo nas formas das súas celebracións?*

Esa necesidade de actualización non afecta só ao Día das Letras Galegas, senón a moitas outras institucións e xeitos de operar en relación coa cultura. Sempre houbo mudanzas xeracionais, pero a aceleración coa que están a producirse os cambios na nosa sociedade é un factor que demanda sen dúbida novas fórmulas.

*Manuel María é o autor ao que se lle dedican os festexos deste ano do Día das Letras Galegas. Que destacarías deste autor? Cal é o seu testemuño na literatura galega actual?*

É un autor do que teño lembranzas como nena e como rapaza, en parte debido ao feito de que forma parte da venerable xinea dos escritores chairegos, coa que por fortuna estou entroncada por parte de meu pai. Un documental de Margarita Ledo, tamén chairega, faille plena xustiza ao significado político e cultural da súa figura para Galicia. Persoalmente evocaría a súa elegancia natural, case arraiana dun certo dandysmo. Ese contraste só aparente entre o seu xeito moi requintado de moverse, de falar e de camiñar e a súa procura dunha dicción branca, desposuída de acentos retóricos. A través da súa obra énos posible comprender a importancia que a paisaxe natal pode ter na obra dun escritor. A súa Terra Cha é un territorio de palabras, pero a partir dese canto ao lugar (como *Os Eidos* de Novoneyra con respecto ao Courel) Manuel María soubo erguer unha alianza, soubo edificar unha

idea poderosa: débemoslles lealdade aos lugares e non unicamente ás persoas. Iso é o que me parece máis valioso hoxe en día da súa mensaxe.